



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/05/2021 11:35:41

**SAIDA 8310/21**



Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 43/2021**

Correo electrónico:

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por mediante escrito do 23 de abril de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de maio de 2021, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** : presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 23 de abril de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 6 de abril de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle concede o acceso parcial á información solicitada referente á situación epidemiolóxica da covid19 en cada municipio de Galicia actualizada a 4 de marzo de 2021 que reflicta para cada un dos concellos o número de casos e a incidencia acumulada nos últimos 7 días e 14 días, e o total dende que existen rexistros.

O reclamante indica na súa reclamación que solicitou á Consellería de Sanidade dous informes, un actualizado a 4 de marzo de 2021 e outro actualizado na data máis próxima á resolución da solicitude, que contivesen datos desagregados por Concello do número de casos de Covid-19 diagnosticados e a incidencia acumulada nos últimos sete días, nos últimos 14 días e dende que comezou a pandemia (incidencia acumulada total).

Na súa resposta do 6 de abril, a Consellería de Sanidade só fai referencia ao informe solicitado para o 4 de marzo, non ao máis actualizado. Considera que non se proporciona a información solicitada, derivando a unha páxina web que segundo a resolución, contén gran parte da información requirida, en concreto a incidencia acumulada por concello e o número de novos casos diagnosticados, nos últimos 7 e 14 días, tamén por concello; non así a incidencia acumulada total, o que o que implicaría un novo tratamento da información dispoñible.

O interesado afirma que a páxina web non ten un repositorio histórico cos informes diarios, de maneira que non se poden recabar a día de hoxe os datos a unha das datas solicitadas (4 de marzo). A páxina non contén a incidencia acumulada nin para 7 nin para 14 días (que era o requirido na súa solicitude) senón que mostra un rango de incidencia. Respecto dos casos novos rexistrados en cada municipio (tanto a 7 como a 14 días), a Consellería de Sanidade especifica o número exacto cando é 0 ou 10 ou máis, pero cando está entre estas dúas cifras só indica o rango "entre 1 e 9"; polo tanto, non precisa o que pide a solicitude.

A web á que remite a Consellería actualiza a diario o número acumulado de casos que se rexistraron en cada área sanitaria pero non en cada Concello, dato que posúe dado que para imputar os contaxiados a cada área sanitaria, debe sumar os de cada concello. Polo tanto, a Consellería dispón dos datos solicitados.

O interesado considera que si a páxina web recolle con periodicidade diaria o número de novos casos diagnosticados en cada concello, a Consellería de Sanidade non tería máis que sumar todos os casos diagnosticados para cada concello. Afirma que os técnicos da Consellería de Sanidade xa elaboran varios días á semana un informe que contén os datos que se piden na solicitude, incluído o dato de casos totais diagnosticados en cada concello e incidencia acumulada total, que non se proporciona a pesar de que se solicita.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, a resolución da Consellería de Sanidade e d e copia do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 28 de abril de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data do 4 de maio de 2021 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo copia do expediente e informe no que unicamente comunica que con data do 6 de abril de 2021, estimouse a petición do interesado, facilitándosele parcialmente a información solicitada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no informe remitido pola Consellería, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 6 de abril de 2021 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 23 de abril de 2021, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou á Consellería de Sanidade información referente á situación epidemiolóxica da Covid-19 en cada municipio de Galicia actualizado a día 4 de marzo de 2021

que reflecta o número de casos e a incidencia acumulada nos últimos 7 días, 14 días e dende que existen rexistros.

A Consellería emitiu resolución na que remite ao interesado á información que figura na súa páxina web, na que figuran a información por Concello de novos casos diagnosticados por PDIA (Probos Diagnósticas de Infección Activa) nos últimos 7 e 14 días.

É certo como afirma o reclamante e como se puido comprobar, que a web non ten repositorio e histórico cos informes diarios, de forma que non se poden recabar os datos a unha data concreta, e que na mesma non figura a incidencia acumulada, senón que mostra un rango de incidencia, especificando o rango exacto cando é 0 ou 10 ou máis, pero no cando está entre estas dúas cifras.

O reclamante afirma que a Consellería actualiza a diario o número acumulado de casos que se rexistraron en cada área sanitaria pero non en cada Concello, dato que necesariamente debe posuír, e que os técnicos da Consellería de Sanidade elaboran varios días á semana un informe que contén os datos que se piden na solicitude. A Consellería non nega ningunha destas afirmacións, polo que debemos entender que posúe os datos solicitados, que non concede unicamente afirmado que é necesaria a necesidade de reelaboración da información coa que conta.

Respecto do concepto de reelaboración, esta Comisión xa se pronunciou en ocasións anteriores, e en liña co Criterio Interpretativo 7/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno e a xurisprudencia existente na materia, no senso de que as causas de inadmisión establecidas no artigo 18 da Lei 19/2013, neste caso inadmisión parcial, deben ser interpretada de xeito restritivo. En materia de acceso á información, débese partir da premisa de que o dereito de acceso aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas.

Pódese considerar que existe reelaboración cando a información que se solicita debe elaborarse expresamente para dar unha resposta, facendo uso de diversas fontes de información, ou cando o organismo ou entidade á que se solicite a información, careza dos medios técnicos que sexan necesarios para extraer e explotar a información concreta que se solicita, resultando imposible proporcionar a información solicitada.

En todo caso, para a aplicación desta causa de inadmisión, debe quedar debidamente motivada na resolución pola que se responde á solicitude de información presentada. No presente caso, a resolución ditada pola Consellería de Sanidade carece de toda motivación que xustifique a aplicación da indicada causa de inadmisión, máis aló da mención de que

implicaría un novo tratamento da información dispoñible e da transcripción dunha parte do criterio interpretativo do Consejo de Transparencia citado.

Na resolución impugnada queda acreditado que a Administración dispón dos datos que lle son solicitados, xa que afirma que dar os mesmos implicaría un *novo tratamento da información dispoñible*. A Consellería de Sanidade, notifica os casos de contaxiados por Covid-19 e falecidos diariamente á Ministerio de Sanidade para a súa inclusión na RENAVE (Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica), na que figura a enquisa individualizada para cada un dos casos. Por tanto, non ten que volver elaborar os datos nin crear a información, ex profeso para dar resposta ao solicitante. Débese entender que a información está nunha aplicación informática ou base de datos que se vai actualizando diariamente, na que se recollen os datos das persoas contaxiadas diariamente por Covid-19, e ante a afirmación do reclamante de que polo persoal da Consellería se elaboran varios días á semana un informe que contén os datos que se piden na solicitude, a Consellería non o nega. A Consellería non xustifica de ningún xeito, nin na resolución recorrida nin no informe remitido, nin a complexidade de obter os datos solicitados, nin a súa imposibilidade técnica, ou que non dispoña dos recursos necesarios para facelo.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada ao considerar que non está xustificada a causa de inadmisión da solicitude presentada, debendo a Consellería facilitar os datos referentes á situación epidemiolóxica da Covid-19 por municipio, co número de casos e a incidencia acumulada nos últimos 7 días e 14 días, e o total.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 23 de abril de 2021, contra a Resolución do 6 de abril de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle concede o acceso parcial á información solicitada referente á situación epidemiolóxica da covid19 en cada municipio de Galicia.

**Segundo:** Instar a Consellería de Sanidade, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Consellería de Sanidade, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2021.05.27 10:33:16 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**